

Acta da Sesión Ordinaria da Comisión de Calidade do 17 de febreiro de 2016

Ás 12:30 horas do día 17 de febreiro de 2016, existindo o quórum necesario para a constitución da Comisión de Calidade, iniciase á mesma, estando presentes ás seguintes persoas:

Asistentes:

Araújo Figueroa, Isaac

Arias Martínez, María Antonia

Fernández Acevedo, Rafael

López Rodríguez, Alba

Muleiro Parada, Luis

Pita Grandal, Ana María

Ramil Vázquez, Paula

Ruiz Hidalgo, Carmen

Torres Pérez, Francisco José

Excusan asistencia:

Rodríguez Rodríguez, Emma

Guerrero Gesteira, Isabel

1.- Aprobación, se procede, de acta da sesión anterior.

Apróbase acta da sesión anterior.

2.- Informes da Sra. Decana.

2.1.- Normativa sobre carga e recoñecementos docentes.

A Decana informa sobre a nova normativa aprobada no Consello de Goberno sobre carga e recoñecementos docentes. Fai referencia a súa falta de claridade e as consecuencias negativas que terá no desempeño de labores de xestión así como na contratación e consolidación de persoal. Levarase á Xunta de Facultade para ser explicada con detalle e coa finalidade de adoptar unha resolución común de rexeitamento a tal normativa.

Cambio dos recoñecementos docentes cunha normativa pouco clara. Mañá levarase á Xunta de Facultade.

2.2.- Informe sobre o control de seguimento das Melloras dos diversos títulos do Centro. A Decana propón que se elabore para a vindeira Comisión de Calidade un documento detallado a partir dos diversos PAM que inclúa: a acción de mellora proposta, a persoa ou órgano responsable do seguimento e da súa execución, os prazos para realizar tal seguimento e para executar.

COMPROMISO: Elaborar polo bolseiro de calidade un documento desas características e remitilo ás persoas coordinadoras para que podan realizar un breve informe de cal é o estado de seguimento das melloras.

PRAZO: 1 semana para poder levar o informe a vindeira comisión de calidade prevista para final de mes.

En particular, pola súa urxencia, no Grao en Dereito faise referencia a que nunha das accións de mellora hai que realizar un Escrito en relación coa adscrición das competencias específicas das materias optativas de itinerario no grao en Dereito. O prazo para comunicar tal adscrición a DOCNET remata a finais de febreiro 2016.

3.- Aprobación, se procede, da variación nas ratios dos obxectivos de calidade do Centro.

A Decana informa que tales ratios estaban calculadas en base 7 mentres que as enquisas de satisfacción realízanse sobre base 5. Por tal motivo era necesario recalcular as ratios tal e como se solicitou no informe do equipo auditor para a certificación do SGIC.

Apróbase

4.- Aprobación, se procede, da Normativa de TFG do Centro.

Tal cambio afecta, unicamente, ao apto. 3 art. 6 TFG para adxudicar traballos en base á Carga docente.

Respecto a versión facilitada, acórdase o seguinte:

Cambiase tal redacción e elimínase a palabra “voluntariamente” (3.3, I).

Cámbiase a palabra “preinscripción” por “previsión” (3.3, II)

Engádesse tras “número de TFG” a palabra “necesarios”.

Cambiase a expresión “atendendo a”, por “ en proporción”.

Aprobado con cambios indicados para remitir á Xunta de Facultade.

5.- Aprobación, se procede, do Regulamento de asignación de taquillas do Centro.

A Decana informa sobre o contido fundamental de tal Regulamento. Fai fincapé no criterio de adscrición das taquillas en base ao expediente académico por ser o criterio máis obxectivo.

Apróbase

6.- Aprobación, se procede, da composición da Comisión de Coordinación do Grao en Dereito.

Infórmase da necesidade de variar tal composición para que entren a formar parte da mesma un estudante de grao por cada un dos graos (Dereito Vigo e Dereito Ourense). Ditos estudantes participarían na mencionada Comisión con voz e sen voto e non computarían a efectos de quórum.

Apróbase

7.- Rolda de intervencións.

7.1.- O coordinador do Grao en RRLL e RRHH, Rafael Fernández Acevedo, informa que a Profesora Mar Rodríguez pasaría a impartirse no cuarto curso de grao.

7.2.- O coordinador de Calidade, Francisco Torres, informa sobre a reunión do Programa Docencia que tivo lugar a principios de febreiro. En breve se recibirá polos Centros información acerca da Convocatoria de tal programa (de participación totalmente voluntaria) polo que se prega a máxima difusión da mesma.

7.3.- A coordinadora do mestrado en Avogacía, María Antonia Arias, queixase, novamente, da total falta de apoio administrativo para o Mestrado en Avogacía. O administrativo adscrito (Miguel Comesaña) está totalmente desbordado dado que atende a dous centros e múltiples mestrados. Este feito implica que no poida cumprir coas dúas horas diarias de traballo previstas para os mestrados do noso Centro.

A Decana informa sobre como influirá nesta materia a nova RPT. Para catro centros unha unidade administrativa.

Non existindo mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13:40 horas do que dou fe como Secretario.

Francisco José Torres Pérez